

REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DE DISTINTIVO DE RESIDENTES POR RAZÓN DE DOMICILIO PROFESIONAL EN ZONA VERDE.

- Titulares de actividades mercantís e profesionais que teñan o seu local de negocio ou traballo na área afectada pola zona de regulación de aparcamento de residentes, e que figuren inscritos como tales no padrón do IAE. No caso de tratarse de persoas xurídicas con 2 ou máis vehículos en propiedade, **soamente poderán obter un máximo de 2 distintivos de residente.**
- Desenvolver a actividade profesional en outra zona verde distinta á de residencia. Neste caso **poderán escoller entre a tarxeta por razón de domicilio particular ou profesional**, xa que ámbalas dúas son incompatibles entre sí.

Nas zonas libres do sistema de regulación (ORA) o horario de estacionamento para os titulares da tarxeta de residente por razones profesionais, será de **8,00 a 20,00 horas**.

Nas zonas reguladas pola ORA o horario de estacionamiento será de **4 horas**. (de 10 a 14 h e de 16,30 a 20,30 horas.) agás nas zonas de curta duración que será de **2 horas**.

Documentación a presentar para vehículo en propiedade:

- Solicitud en impreso oficial
- Declaración xurada de non ser titular dunha praza de parking municipal.
- Fotocopia do DNI, tarxeta de residencia, pasaporte ou análogo. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse a mesma, achegando fotocopia do documento oficial de identidade do representante e autorización asinada polo representado.
- Fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo.
- Fotocopia do último recibo pagado do seguro.
- No caso de ser em pregado, contrato de traballo acreditando a alta na Seguridade Social.
- No caso de em presario, autónomos, a declaración censal de alta no Censo de obligados tributarios e declaración de alta na Seguridade Social.

Documentación a presentar para residentes con vehículo en réxime de leasing ou renting:

- A mesma que se esixe no parágrafo anterior e, a maiores, fotocopia do contrato de leasing ou renting. (É necesario mostrar o orixinal para o seu contexto)

Documentación a presentar para residentes con vehículo de empresa:

- Solicitud en impreso oficial.
- Declaración xurada de non ser titular dunha praza de parking municipal.
- Fotocopia do DNI, tarxeta de residencia, pasaporte ou análogo. No suposto de actuar por representación deberá acreditar a mesma, achegando fotocopia do documento oficial de identidade do representante e autorización asinada polo representado.
- Fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo.
- Fotocopia do último recibo pagado do seguro.
- Autorización da empresa para facer uso do vehículo de maneira única e exclusiva e fóra do horario de traballo.